

Actividade extraescolar de natación:

Dende a dirección do Centro Deportivo de Campolongo damos a coñecer a actividade “Natación Extraescolar” para este curso 2023-2024.

Esta actividade de natación terá como fin familiarizar e iniciar na aprendizaxe da natación, cun carácter lúdico, así como a práctica do exercicio físico no medio acuático.

1.- Temporalidade da actividade:

A actividade de “Natación Extraescolar” ten carácter anual, comezando o **1 de Outubro de 2023 e rematando o 31 de Maio de 2024**.

Divídese en 2 cuatrimestres:

- O primeiro vai dende o luns 2 de Outubro ata o mércores 31 de Xaneiro.
- O segundo vai dende o xoves 1 de Febreiro ata o venres 31 de Maio.

Se segue o calendario escolar, é dicir: **NON hay piscina nas vacacións de nadal, no entroido e en semana santa, tal e como marque no calendario escolar de ese ano (se non hay clase, no hay actividade extraescolar).**

2.- Solicitude de praza:

- As prazas para poder comezar o primeiro día de curso poderán solicitarse ata o **mércores 13 de Setembro**, no caso do 1º cuatrimestre, e ata o **venres 19 de Xaneiro** no caso de 2º

cuatrimestre (neste caso, ata o venres 12 de Xaneiro, terán preferencia aqueles que cursasen o 1º cuatrimestre e teñan que pasar de nivel).

- Cada ANPA solicitará prazas entre os días ofertados, sendo 5 o mínimo de rapaces por día/hora elixido (se un grupo ten menos de 5 non se poderá abrir) e tódolos nenos virán conxuntamente acompañados polos pais e un responsable da ANPA.
- Lémbrese que o número de prazas solicitadas polo centro será o número de prazas que se facturarán finalmente á ANPA.
- Para a reserva de prazas pola ANPA, hai que cubrir a folla oficial de solicitude: **“Ficha de Natación Extraescolar”** (documento adxunto).
- Todos os rapaces serán inscritos na actividade a través de solicitude por escrito da ANPA. **En ningún caso se anotarán rapaces directamente na instalación.**
- As reservas irán confirmándose por riguroso orden de chegada dos emails das ANPAS e ata agotar o número máximo de prazas ofertadas.

3.- Horario da actividade:

- As actividades terán una frecuencia de 1 clase semanal, a escoller polos centros interesados, e una duración de **45 min por clase**.
- As opcións de horario da actividade serán:
 - **De Luns a Venres** ás 15:45: rapaces que **NON** sepan nadar na piscina profunda (que mide 1,90 metros de profundidade).
 - **De Luns a Venres** ás 15:45: rapaces que **SÍ** sepan nadar na piscina profunda (que mide 1,90 metros de profundidade).
 - **De Luns a Venres ás 16:30: SÓ** rapaces que **SÍ** saben nadar na piscina profunda (que mide 1,90 metros de profundidade).

(a clase que comeza ás 15:45 remata ás 16:30; a clase que comeza ás 16:30 remata ás 17:15)

4.- Normativa da actividade:

- Lembrámoslles que para poder participar nas clases, todos os rapaces han de traer de xeito **obligatorio un gorro, bañador, gafas e chanclas** (no caso de usar escafpíns, non poderán meterse directamente con eles na auga).
- Na instalación non dispoñemos de material para préstamo, pero si dunha tenda para mercar material de piscina.
- Cada nen@ terá a súa disposición unha taquilla individual, é responsabilidade dos pais empregar un candado para a súa seguridade.

5.- Idade mínima dos rapaces:

- Os nenos que desexen vir ó curso de "Natación Extraescolar" han de estar matriculados no vixente ano, como mínimo, **en 2º curso do 2º ciclo de Educación Infantil (4 anos)**.

6.- Normativa vestiarios:

- Hai dous vestiarios para o uso de ANPAS e CLUBES: "familias e grupos", un masculino e un feminino.
- Nestes vestiarios se van acompañados dunha muller deberán ir ó feminino, e sen van acompañados dun home ó masculino.
- Os menores de 7 anos poden ir ó feminino de grupos e as menores de 7 anos poden ir ó masculino de grupos.

- Só pode ser un adulto por neno, que usará chanclas na zona de duchas e non permanecerá no vestiario mentres dure a clase (accederá 5 minutos antes de rematar a actividade).

7.- Prezo da actividade:

· O prezo da actividade extraescolar de piscina é de **39,95 euros ao cuatrimestre e farase por adiantado ao ANPA** (pendiente de la actualización de las tarifas públicas con una subida del 2,5%).

8.- Formalización da inscrición:

Unha vez que os pais confirmen a inscrición dos seus fill@s ao ANPA e fagan o pago correspondente, será a ANPA a encargada de enviar o total dos nenos á coordinadora de piscina do centro para proceder á súa reserva de praza.

9.- Datos de contacto para máis información:

- A persoa de contacto será a coordinadora de piscina Cristina Fontán.
- Teléfono de contacto do centro: 986 863 855.
- Dirección de correo electrónico: mcfontan@beone.es
- Para todo lo relacionado con facturas: begonafernandez@beone.es
- Dirección de correo ordinario da instalación: Praza da Constitución s/n C.P: 36003, Pontevedra

Un saúdo.

Pontevedra, a 12 de agosto de 2023.